



INFORME

En relación co solicitado, infórmase:

1. Procedeuse a avaliación segundo os criterios subxectivos establecidos no PCAP, que son:
 1. Posibilidade de control das luminarias (0-10 puntos)
 2. Características estéticas das luminarias (0-10 puntos)
2. En relación co criterio **Posibilidade de control das luminarias**, as empresas ofertan diferentes posibilidades:

EFFICO, INSTELEC, LUMEA

As tres empresas coinciden na oferta presentada: luminarias da marca MOONOFF, que veñen equipadas con drivers marca TRIDONIC, modelos LCO 40W/200-1050mA/64V pD + NFC C PRE3, LCO 60W/200-1050mA/100V pD + NFC C PRE3 y LCO 90W/200-1050mA/165V pD + NFC C PRE3 TRIDONIC que permiten varios sistemas de regulación, cumprindo o esixido como mínimo no PPT:

- Regulación autónoma (ata 8 niveis).
- Control 1-10 mediante liña de mando.
- DALI.
- Instalación de célula fotoelétrica.

Ademais, na documentación das luminarias atópanse outras características das luminarias que resultan respecto ás posibilidades de regulación:

1. A programación pódese facer mediante NFC, ou pola liña de alimentación (ready2mains).
2. Inclúe porto Zhaga (estándar de interoperabilidade de compoñentes que permite empregar dispositivos de fabricantes diferentes).
3. Ten a funcionalidade CLO (fluxo constante durante a vida útil da luminaria)

A oferta destas empresas representa unha boa proposta de posibilidades de regulación, polo que se lle asignan 6 puntos.

MONTAXES ELÉCTRICAS

Aínda que a luminaria ofertada é diferente, neste caso, a SETGA ESSENZE, os drivers instalados son tamén TRIDENT, se ben neste caso na versión advanced, algo inferiores aos presentados polos outros licitadores, a versión PREMIUM, non admitindo neste caso, a diferenza dos anteriores, o control DALI, polo que se lle asignan 4 puntos:

Regulación autónoma (ata 8 niveis).

Control 1-10 mediante liña de mando.

Instalación de célula fotoeléctrica.

Ademais:

4. A programación pódese facer mediante NFC, ou pola liña de alimentación (ready2mains).
5. Inclúe porto Zhaga (estándar de interoperabilidade de compoñentes que permite empregar dispositivos de fabricantes diferentes).
6. Ten a funcionalidade CLO (fluxo constante durante a vida útil da luminaria)

NARONTEC

Oferta un modelo de CARANDINI, con drivers propios, que admiten as seguintes posibilidades de regulación:

Regulación autónoma.

LED Regulable en cabecera

RD: LED Regulable Protocolo DALI

AF: LED Regulable Protocolo 1-10V

RL: LED Regulable por pulsos

SR: Smart Ready D4i

que a fan a oferta máis vantaxosa neste apartado, ao presentar máis posibilidades de regulación, se ben non concreta as características da programación, polo que se lle asignan 8 puntos.

Ademais:

7. Inclúe porto Zhaga (estándar de interoperabilidade de compoñentes que permite empregar dispositivos de fabricantes diferentes).
8. Ten a funcionalidade CLO (fluxo constante durante a vida útil da luminaria).

3. Para avaliar as **características estéticas** das luminarias, preséntanse no anexo fotografías das diferentes propostas ofertadas polas empresas . Tivéronse en conta para a avaliación das ofertas que as luminarias serán instaladas na zona rural, e polo tanto realízase a avaliación das tres propostas (tres empresas fan a mesma proposta) atendendo á limpeza e sinxeleza de deseño para unha adecuada integración no medio rural, así como as dimensións e formas dos elementos propostos. Pódense facer ao respecto os seguintes comentarios:

MOONOFF COANDA

O deseño resulta, ao meu xuízo, pouco acertado para un entorno rural; a xunta en toda a luminaria pretende diferenciar o elemento propiamente luminoso do elemento macizo, e as formas, cunha relación acusada das dimensións longo-largo, a fan máis axeitada para aplicacións urbanas. Representa un claro desequilibrio entre a zona de iluminación e a zona opaca reservada ao corpo da luminaria, tendo en conta ademais que a tecnoloxía LED pode reducir a sección das luminarias. Como aspecto positivo, a cor escura resulta interesante en contraste coas cores predominantes na zona rural.

SETGA ESSENZZE

Neste caso, o deseño curvado da luminaria estiliza o elemento. Non obstante a reixa, tornillería, etc restan simplicidade ao deseño, simple e sobrio que merecía esta proposta. Presenta máis variedade de elementos para a súa instalación nos apoios (recto, lixeiramente curvado, etc). A cor, lixeiramente escura, mellora á harmonización coas cores da zona rural na súa percepción diurna.

CARANDINI VEKA

Aporta un maior grado de sobriedade ao deseño cas outras. As xuntas das pezas que compoñen a luminaria apenas teñen presenza, o que axuda a velo como un elemento compacto. De liñas máis simples e incluso con menor número de elementos para a súa instalación (tornillos, pezas de transición, etc) e facilidade de mantemento sen precisar de chaves para a súa apertura.

Non obstante a cor do aluminio anodizado resulta pouco axeitada: un ton gris máis escuro tería unha presenza máis elegante en contraste coas cores predominantes típicas na zona rural (contrastos entre o ceo azul e o verde vexetal, etc). Deste xeito, a cor resulta máis urbana. Non obstante, resulta, ao meu xuízo, a opción máis vantaxosa neste apartado.

4. Deste xeito, tendo en conta as anteriores consideracións, realizouse unha avaliación dos modelos presentados, que se recolle na seguinte táboa:

Máximo	10 CONTROL	10 ESTÉTICAS	TOTAL SUBJECT.
EFFICO	6	4	10
INSTELEC	6	4	10
LUMEA	6	4	10
MONTAXES ELÉCTRICAS	4	6	10
NARONTEC	8	8	16

Do que se informa aos efectos oportunos.

Ferrol, na data da sinatura electrónica
O enxeñeiro municipal

Asdo.- Alberto Castro Rascado

ANEXO.

LUMINARIAS OFERTADAS POLAS EMPRESAS

EFFICO, INSTELEC, LUMEA



Coanda Series Mini



Coanda Series Start

MONTAXES ELÉCTRICAS

SETGA ESSENZZE



NARONTEC
CARANDINI VEKA

